



Concello da Coruña

Área / Unidad PARTICIPACION CIUDADANA PC1100 ALC	Documento 23819I01ZT	
Código de verificación  0904 5J6C 6946 5I0P 027Y	Expediente 238/2025/14	
	Fecha 13-10-2025	

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS ÁS ASOCIACIÓN VECIÑAIS DESTINADAS A APOIAR O FUNCIONAMENTO E A DINAMIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE SOCIAL, CÍVICO E CULTURAL PARA O EJERCICIO 2025

O 03 de xuño de 2025 publicase no Boletín Oficial da Provincia nº 104 a convocatoria de subvencións do Excmo. Concello da Coruña para as asociacións veciñais da Coruña en materia de Participación Cidadá para apoiar o funcionamento e a dinamización de actividades de interese social, cívico e cultural con sede no termo municipal da Coruña para o ano 2025.

Abriuse o prazo de presentación de solicitudes de 20 días hábiles contado a partir do día seguinte ao da publicación de extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia nº 104.

Unha vez transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, se toma en conta da recepción dun total de **11 solicitudes de subvención da liña 1**, para gastos xerais de funcionamento e un total de **21 solicitudes de subvención da liña 2**, para o desenvolvemento de programas e actividades das asociacións veciñais.

Das 11 solicitudes recibidas da liña 1, rexeitanse tres: As solicitudes presentadas pola Plataforma Veciñal do Barrio das Flores (G70387329) e a da AVV O Barrio da Zoca, Mariñeiros (G19834571) por concorrer a causa de exclusión recollida na base 8.1 da convocatoria, que establece que as entidades beneficiarias deben carecer de local municipal en réxime de cesión ou noutras condición de uso gratuítas e a solicitude presentada pola Asociación de Vecinos/as de Xuxán (G22487193), por presentar un orzamento no que o importe total de ingresos supera ao importe de gastos e, polo tanto, non existir un déficit que sexa subvencionable.

Pola súa banda, das 21 solicitudes de subvención da liña 2, rexeitase unha: a presentada pola Plataforma Veciñal do Barrio das Flores (G70387329) por non atender o requerimento de subsanación da documentación necesaria para a tramitación e valoración da solicitude.

O resto das solicitudes tanto de liña 1 como de liña 2, foron admitidas, por presentarse en tempo e forma, non obstante, o hipotético recoñecemento da obriga correspondente ao pago da subvención quedará condicionado á correcta xustificación das subvencións anteriormente outorgadas polo Concello da Coruña.

O 11 de setembro de 2025 réunese a Comisión de Valoración, nomeada mediante Resolución da concelleira responsable de Benestar Social, Participación e Igualdade – RES/AYT/15805/2025 – para, segundo se contempla na base 13 da Convocatoria, realizar a valoración das solicitudes presentadas.

O procedemento de concesión de subvencións en réxime de concorrência competitiva se regula nos artigos 22 a 27 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións. Con base nesta regulación, o artigo 26 da ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos (BOP nº 157 do 16.08.2024) e a Base 14 da Convocatoria, dispoñen que a Comisión de Valoración das



Concello da Coruña

solicitudes debe emitir informe tendo en conta os criterios establecidos na base 13 da Convocatoria:

13.1. Criterios de valoración referidos á liña 1: gastos de funcionamento. Puntuación: Ata 30 puntos.

13.1.1 Criterios referidos á entidade. Puntuación: Ata 30 puntos

a) Experiencia e capacidade de xestión: ata 12 puntos

Valorarase o grao de actividade realizada pola entidade durante o ano anterior a esta convocatoria, tendo en conta o volume de actividades executadas e o seu grao de interese e repercusión social, en atención aos seguintes criterios:

-Número de actividades organizadas pola entidade durante o ano anterior, fai falta especificar: denominación da actividade, datas de execución e espazo/s de realización.

Puntuarase con 0,2 puntos cada actividade, ata un máximo de 6 puntos.

-Número de actividades organizadas pola entidade durante o ano anterior que tivese como obxectivo a apertura de espazos de participación directa da cidadanía ou o apoio a programas e instrumentos de participación; o fomento da igualdade entre mulleres e homes e/ou a promoción do voluntariado nas entidades veciñais. Igualmente, será necesario especificar a denominación da actividade, datas de execución e espazo/s de realización.

Puntuarase con 0,5 puntos cada actividade, ata un máximo de 4 puntos.

-Presentación dunha memoria complementaria que corresponda o ano anterior ao desta convocatoria onde se inclúan os obxectivos, descrición das actividades, recursos, resultados alcanzados, avaliación, etc.

En función da calidade e detalle da memoria, puntuarase ata un máximo de 2 puntos.

b) Contribución á vida asociativa da cidade: ata 8 puntos

Valorarase o número de persoas participantes programados e actividades da entidade durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior á convocatoria. A asociación con maior número de persoas beneficiarias directas obterá 8 puntos e as demais valoraranse de maneira proporcional empregando a seguinte fórmula:

$P_i = 8 \times (\text{núm. de persoas participantes para valorar} / \text{maior núm. de persoas participantes})$

Sendo: P_i : puntuación conseguida pola entidade obxecto de avaliación

c) Número de persoas asociadas da entidade: ata 8 puntos

A federación ou asociación que teña maior número de persoas asociadas obterá 8 puntos e para as demais entidades, utilizarase a seguinte fórmula:

$P_i = 8 \times (\text{núm. de persoas asociadas da entidade obxecto de valoración} / \text{número de persoas asociadas da entidade con maior número de socios})$.

Sendo: P_i : puntuación alcanzada pola entidade obxecto de avaliación.



- d) Representación equilibrada de mulleres e homes na composición da xunta directiva: ata 2 puntos.**

Valorarase con 2 puntos a composición da xunta directiva en que ningún sexo sexa inferior ao 40% e no caso de desequilibrio: 0 puntos.

13.2 Criterios referidos á liña 2: programas, proxectos ou actividades.

13.2.1 Criterios referidos á actividade ou proxecto. Puntuación: Ata 50 puntos

- a) Contido da proposta do programa, proxecto o actividade: ata 12 puntos**

Valorarase o grao de interese e a repercusión social para a poboación do territorio en relación á proposta do programa, proxecto ou actividade. Ademais valorarase se o proxecto describe detalladamente as medidas que se vaian a implementar para a transversalidade de xénero. Estas medidas serán concretas, reais e eficaces e estarán dirixidas a corrixir as desigualdades de xénero e promoverán a igualdade de mulleres e homes no ámbito do proxecto.

- b) Calidade da presentación e exposición da proposta: ata 10 puntos**

Valorarase a concreción na exposición e a achega da memoria complementaria que amplíe información sobre os obxectivos, desenvolvemento, execución, recursos, cronograma, metodoloxía, comunicación inclusiva e linguaxe non sexista, avaliación, etc.

- c) Carácter innovador da proposta, considerada de forma global ou a través da introdución de aspectos innovadores nas actividades realizadas: ata 8 puntos.**

- d) Programas que impliquen a apertura de procesos participativos, consultas ou mecanismos de participación colectiva sobre a realidade do barrio: ata 6 puntos.**

- e) Propostas conxuntas e de colaboración: ata 5 puntos.**

Valoraranse os proxectos que se desenvolvan no conxunto con outras entidades e organizacións na súa totalidade ou nalgún aspecto puntual así como as accións e actividades executadas por varias asociacións veciñais traballando na rede.

- f) Emprego de ferramentas para o fomento da participación de colectivos menos atendidos ou con dificultades nas actividades que se propoñan: ata 5 puntos.**

- g) Número de persoas beneficiarias directas do proxecto ou actividade: ata 4 puntos.**

A federación ou asociación que non indique número de persoas beneficiarias obterán 0 puntos. Con todo, a entidade con maior número de persoas beneficiarias directas (ata un máximo de 500) da actividade obxecto de valoración obterá 4 puntos e para as demais entidades, aplicarase a seguinte fórmula:

$P_i = 4 \times (\text{número de persoas beneficiarias directas da actividade da entidade obxecto de valoración} / 500 \text{ ou ben un núm. de persoas beneficiarias directas da actividade con maior número de persoas})$
Sendo P_i : puntuación conseguida pola entidade obxecto de avaliación



13.2.2. Criterios referidos á entidade: Puntuación: Ata 5 puntos

a) Número de persoas asociadas da entidade: ata 3 puntos

A federación ou asociación que teña maior número de persoas asociadas obterá 3 puntos e para as demais entidades aplicarase a seguinte fórmula:

$P_i = 3 \times (\text{núm. de persoas asociadas da entidade obxecto de valoración} / \text{número de persoas asociadas da entidade con maior número de socios})$.

Sendo P_i : puntuación alcanzada pola entidade obxecto de avaliación.

b) Representación equilibrada de mulleres e homes na composición da xunta Directiva: ata 2 puntos.

Valorarase con 2 puntos a composición da xunta Directiva en que ningún sexo sexa inferior ao 40% e no caso de desequilibrio: 0 puntos.

En cumprimento do artigo 24.4 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, con data de 15 de setembro de 2025 se formula proposta de resolución provisional (documento 23819101TW), que se notifica aos interesados mediante publicación na páxina web do Concello da Coruña e no Taboleiro de Edictos do 16 de setembro de 2025, concedendo un prazo de 10 días para presentar alegacións.

No artigo 27 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, e na base 14 da Convocatoria Específica, se dispón que, no caso das subvencións da denominada “Liña 2” (destinadas á financiación de actividades), se poderá instar aos beneficiarios á reformulación das solicitudes. Así, se concede un prazo de 5 días.

O 8 de outubro de 2025 se reúne de novo a Comisión de Valoración, coas seguintes conclusións:

- A asociación veciñal Os Mallos Plataforma G-75528067, dentro do prazo establecido, presenta pola sede electrónica as seguintes alegacións:

Asento RMPE191JC9: “Recibida a notificación de aprobación de subvención para Dinamización Veciñal 2025 por un valor de mil cento trinta euros (1.130 €), cando a solicitada era de catro mil cinco centos vinte cinco e corenta céntimos, (4.425,40 €) detallada no Anexo II e tendo en conta que a nosa actividade se corresponde cunha motivación lúdico do barrio, pero cuxo obxectivo principal é a Recadación de Alimentos para a Cociña económica, non podemos menos que reiterar a petición do orzamento inicial porque consideramos que un Concello tan centrado na axuda dos máis desfavorecidos non pode deixar pasar unha actividade así, máis tendo en conta, que tras o verán esta entidade, a Cociña Económica, quéixase de que os almacéns comezan a estar baleiros. Unha actividade solidaria nunca se pode obviar.”

Asento RMPE191JF9: “Recibida a notificación de aprobación de subvención para Dinamización Veciñal 2025 por un valor de mil cento trinta euros (1.130 €) cando a solicitada era de catro mil cinco centos vinte cinco e corenta céntimos, (4.525,40 €) detallada no Anexo II e tendo en conta que a nosa actividade se corresponde cunha



Concello da Coruña

motivación lúdica do barrio, pero cuxo obxectivo final é a Recadación de Alimentos para a Cociña económica, non podemos menos que reiterar a petición do orzamento inicial porque consideramos que un Concello tan centrado na axuda dos máis desfavorecidos non pode deixar pasar unha actividade así,; unha actividade solidaria nunca se pode obviar. A necesidade económica parte do feito de que faría un "bingo" no que para tomar parte é preciso aportar un kilo ou litro de comida non perecedeira, co que nestes anos anteriores a cantidade de alimentos recadada foi importante."

Analizado o contido das alegacións presentadas, conclúese que non aportan elementos que incidan nos aspectos relevantes do procedemento xa que a convocatoria de subvencións para apoiar o funcionamento e a dinamización das actividades das asociacións veciñais con sede no termo municipal da Coruña durante o ano 2025 desenvólvese en réxime de concorrencia competitiva, tal e como se establece na Base 1 da convocatoria específica.

De acordo co disposto no artigo 22.1 da Lei Xeral de Subvencións, o procedemento de concesión en réxime de concorrencia competitiva realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas co fin de establecer unha orde de prelación entre elas segundo os criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite establecido na convocatoria dentro do crédito dispoñible, a aquelas que obtivesen maior valoración na aplicación dos citados criterios.

Polo que, as solicitudes presentadas foron valoradas de acordo cos criterios obxectivos recollidos na Base 13.2 da convocatoria específica, sendo a contía resultante consecuencia directa da puntuación obtida por cada entidade en relación co resto das solicitudes presentadas, conforme á fórmula establecida na Base 13.3.

Revisada a valoración da actividade proposta pola entidade conclúese que foi correctamente avaliada, non apreciándose erro nin na puntuación nin na determinación da contía asignada.

En consecuencia, a comisión de valoración acorda DESESTIMAR as alegacións presentadas pola entidade ASOCIACION VECIÑAL OS MALLOS-PLATAFORMA (G-75528067).

- Finalizado o correspondente prazo, un total de 10 entidades solicitaron reformulación da "Liña 2", acordándose aceptar todas elas.

Á vista do exposto e da acta da mesa de avaliación de data 8 de outubro de 2025, que figura no expediente de referencia como motivación desta proposta (238/2025/14) e de conformidade co establecido nas Bases 14.3 e 14.4, a xefa de departamento de Participación e Xuventude, instrutora do procedemento, formula a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA:

PRIMEIRO. Aceptar as reformulacións presentadas, aceptando asemade os novos orzamentos e importes solicitados, que serán os tidos en conta a efectos da xustificación, polas seguintes asociacións beneficiarias:



Concello da Coruña

ASOCIACIÓN	NIF	PROXECTO	DÉFICIT INICIAL	SUBVENCIÓN PROVISIONAL	DÉFICIT REFORMULADO
AVV PALAVEA, OS NOSOS LARES	G15040918	PROGRAMACIÓN DE DINAMIZACIÓN VECIÑAL 2025	3.140,00 €	2.379,00 €	2.379,00 €
AVV CIDADE VELLA MARIA PITA	G15311582	ACTIVIDADES PARTICIPATIVAS E DE DINAMIZACIÓN	4.270,00 €	2.149,00 €	2.149,00 €
AVV DE XUXÁN	G22487193	ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN 2025	4.736,96 €	2.393,00 €	2.516,04 €
AVV DE LA PLAZA DEL COMERCIO	G02688505	SAN XOAN, SAMAÍN, NADAL	1.981,93 €	1.099,00 €	1.531,93 €
AVV O BARRIO DA ZOCA-MARIÑEIRO	G19834571	ACTIVIDADES VECIÑAIS 2025	3.362,00 €	1.347,00 €	1.428,80 €
AVV MONTE MARTELO	G13960356	FESTAS DO SAMAÍN E NADAL 2025	1.800,00 €	1.514,00 €	1.550,00 €
A. V.V. FRANCISCO RODRIGUEZ OTERO	G15147127	DINAMIZACIÓN DO NOSO BARRIO 2025	4.000,00 €	2.393,00 €	2.393,00 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS A BARCAROLA DE CATRO CAMIÑOS	G15367253	TALLERES FORMATIVOS E FESTIVAL DE FIN DE CURSO DE TÓDALAS ACTIVIDADES 2025	8.100,00 €	2.078,00 €	2.078,00 €
AVV OZA, GAITEIRA, OS CASTROS	G15037708	ECOS DO BARRIO	7.988,90 €	2.915,00 €	2.915,00 €
AVV VENTORRILLO	G15149396	PROXECTOS DE DINAMIZACIÓN 2025	5.160,00 €	2.358,00 €	2.358,00 €

SEGUNDO. Conceder as subvencións correspondentes á **convocatoria do exercicio 2025 a Asociacións Veciñais da Coruña** destinadas a apoiar o funcionamento e a dinamización de actividades, por un importe global de **SESENTA MIL EUROS (60.000,00 €)** ás entidades solicitantes, e polos importes que a continuación se relacionan, con cargo á **aplicación 51.924.489.00** do orzamento municipal en vigor aprobado (BOP nº70 do 11.04.2025), de conformidade co informe de avaliación de solicitudes emitido pola comisión de valoración constituída a tal fin.

RELACIÓN DE SOLICITANTES E IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA:

LIÑA 1. GASTOS DE FUNCIONAMENTO.

ASOCIACIÓN	NIF	Puntos	IMPORTE SUBVENCIÓN
ASOCIACION VECINOS Y COMERCIANTES LA FALPERRA	G70324595	8,4	1.887,56 €



Concello da Coruña

ASOCIACIÓN	NIF	Puntos	IMPORTE SUBVENCIÓN
AVV OZA, GAITEIRA, OS CASTROS	G15037708	19,6	5.160,00 €
AVV PLAZA DEL COMERCIO	G02688505	6,3	1.882,00 €
AVV BENS PENAMOA	G15280423	2,2	647,00 €
ASOCIACIÓN VECINAL E EMPRESARIAL MONTE MARTELO	G13960356	6,6	1.977,00 €
ASOCIACION VECIÑAL AGRA	G15142052	11,4	3.424,00 €
AVV ATOCHAS, MONTE ALTO, TORRE HERCULES	G15038243	17,0	3.842,00 €
AVV CASTRILLÓN, URBANIZACION SOTO, IAR	G15072242	22,7	6.171,72 €

LIÑA 2: APOIO A PROGRAMAS, PROXECTOS OU ACTIVIDADES.

ASOCIACIÓN	NIF	PROXECTO	PUNTOS	IMPORTE SUBVENCIÓN
AVV PALAVEA, OS NOSOS LARES	G15040918	PROGRAMACIÓN DE DINAMIZACIÓN VECIÑAL 2025	37,0	2.379,00 €
AVV CIDADE VELLA MARIA PITA	G15311582	ACTIVIDADES PARTICIPATIVAS E DE DINAMIZACIÓN	33,4	2.149,00 €
AVV Y COMERCIANTES LA FALPERRA	G70324595	TALLER DE PINTURA, GURUGÚ CREATIVO	15,2	977,00 €
AVV DE XUXÁN	G22487193	ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN 2025	37,2	2.393,00 €
AVV DE LA PLAZA DEL COMERCIO	G02688505	SAN XOAN, SAMÁIN, NADAL	17,1	1.099,00 €
AVV OS MALLOS-PLATAFORMA	G75528067	BINGO SOLIDARIO	17,6	1.130,00 €
ASOCIACION VECIÑAL AGRA	G15142052	DIVERSOS NA AGRA, FACENDO PAÍS E AGRA NO ÁGORA	36,8	2.366,00 €
AVV O BARRIO DA ZOCA-MARIÑEIRO	G19834571	ACTIVIDADES VECIÑAIS 2025	20,9	1.347,00 €
AVV MONTE MARTELO	G13960356	FESTAS DO SAMÁIN E NADAL 2025	23,5	1.514,00 €
A. V.V. FRANCISCO RODRIGUEZ OTERO	G15147127	DINAMIZACIÓN DO NOSO BARRIO 2025	37,2	2.393,00 €



Concello da Coruña

ASOCIACIÓN	NIF	PROXECTO	PUNTOS	IMPORTE SUBVENCIÓN
AVV MONELOS-FONTE PAXARELAS	G15073216	ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS, SOCIO SANITARIAS E DE PARTICIPACIÓN E FORMACIÓN	23,3	1.497,00 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS A BARCAROLA DE CATRO CAMIÑOS	G15367253	TALLERES FORMATIVOS E FESTIVAL DE FIN DE CURSO DE TÓDALAS ACTIVIDADES 2025	32,3	2.078,00 €
AVV OS REXUMEIROS	G15224736	PROGRAMACIÓN ACTIVIDADES 2025	20,5	1.250,00 €
AVV PERULEIRO-MARIÑEIROS	G15212418	CURSOS DE INFORMÁTICA	17,4	1.118,00 €
AVV LOS ROSALES	G15939978	ACTIVIDADES EN GRUPO: PILATES, IOGA E ZUMBA	20,8	1.341,00 €
AVV OZA, GAITEIRA, OS CASTROS	G15037708	ECOS DO BARRIO	45,3	2.915,00 €
AVV DE PEDRALONGA	G70310560	PROXECTO DE DINAMIZACIÓN SOCIAL A TRAVÉS DE DIFERENTES ACTIVIDADES	27,9	1.793,00 €
AVV MESOIRO, VIO, XUNQUEIRAS	G15769292	OCIO SAUDABLE: YOGA	16,1	904,00 €
AVV CASTRILLÓN, URBANIZACIÓN SOTO, IAR	G15072242	PROGRAMAS COMUNITARIOS E PARTICIPATIVOS NO BARRIO DO CASTRILLÓN-URBANIZACIÓN SOTO	31,0	1.996,00 €
AVV VENTORRILLO	G15149396	PROXECTOS DE DINAMIZACIÓN 2025	36,6	2.358,00 €

TERCEIRO. Publicar o informe proposta de resolución definitiva no taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica e na páxina web do Servizo de Participación Cidadá do Concello da Coruña, a fin de que as beneficiarias, de acordo coa Base 14.4, comuniquen no prazo de **10 días naturais** a súa aceptación ou renuncia á subvención concedida. **Transcorrido ese prazo sen producirse a aceptación expresa a subvención entenderase tacitamente aceptada. Segundo a Base 20.2 o pagamento anticipado tramitarase de oficio polo órgano instructor.** A proposta de resolución provisional e definitiva non crean dereito algún a favor da beneficiaria proposta fronte á Administración, mentres non se lle notifique a resolución da concesión.

CUARTO. Condicionar o recoñecemento da obrigação correspondente ao pago da subvención das dúas liñas á **xustificación** conforme das subvencións nominativas ou en concorrencia competitiva outorgadas polo Concello da Coruña en exercicios anteriores. Unha vez pechada conforme a xustificación, poderá continuarse coa tramitación do pago.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.



Concello da Coruña

A xefa de departamento de Participación e Xuventude